

absorción ou un método de resultados equivalentes. O valor límite biolóxico será: 70 µg Pb/100 ml de sangue.

b) Deberá procederse á vixilancia médica cando: se estea exposto a unha concentración de chumbo en aire que supere os 0,075 mg/m³, calculados de forma ponderada con respecto ó tempo para un período de referencia de corenta horas semanais, ou o control biolóxico detecte en determinados traballadores un nivel de chumbo no sangue superior a 40 µg Pb/100 ml.

ANEXO III Prohibicións

a) Axentes químicos:

EINECS (1)	CAS (2)	Nome do axente	Límite de concentración para a exención
202-080-4	91-59-8	2-naftilamina e os seus sales.	0,1 % en peso
202-177-1	92-67-1	4-aminodifenilo e os seus sales.	0,1 % en peso
202-199-1 202-204-7	92-87-5 92-93-3	Bencidina e os seus sales. 4-nitrodifenilo.	0,1 % en peso 0,1 % en peso

(1) EINECS: European Inventory of Existing Commercial Chemical Substances (Inventario europeo de substancias químicas comerciais existentes).

(2) CAS: Chemical Abstracts Service (Servicio de resumos químicos).

b) Actividades con axentes químicos: Ningunha.

(Es real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 129, de data 30 de maio de 2001.)

8503 REAL DECRETO 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. («BOE» 105, do 2-5-2001.)

As normas de seguridade aplicables no transporte colectivo de menores por estrada estaban recollidas no Real decreto 2296/1983, do 25 de agosto, sobre tráfico e circulación de vehículos escolares e de menores.

Desde a entrada en vigor do devandito real decreto producíronse cambios importantes a nivel lexislativo e regulamentario de carácter xeral tanto en materia de ordenación dos transportes terrestres, coma de tráfico, circulación e seguridade vial dos vehículos de motor, e das normas sobre condicións técnicas dos vehículos, que afectan de forma directa á materia que naquel se regulaba.

Iso facía precisa, en todo caso, unha modificación do referido real decreto que adaptase o seu contido ás modificacións operadas no marco do ordenamento xurídico xeral en que se encadraba.

En tal tesitura, non pareceu razoable desatende-la posibilidade de adapta-las condicións de seguridade esixidas no transporte de menores ós cambios que experimentou a situación social e económica desde 1983, introducindo unha posta ó día dos elementos de seguridade que deben reuni-los vehículos en que aquel se realice.

Así mesmo, considerouse oportuno recoller algúns elementos destinados a facilita-lo acceso e utilización dos vehículos ós escolares e menores de mobilidade reducida.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas

e de regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xuño, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ó ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro e ministro do Interior, e dos ministros de Fomento, de Educación, Cultura e Deporte, e de Ciencia e Tecnoloxía, oídos o Comité Nacional do Transporte por Estrada e o Consello Nacional de Transportes Terrestres, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de abril de 2001,

DISPONGO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As condicións de seguridade previstas neste real decreto aplicaranse:

a) Ós transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada, cando polo menos a terceira parte, ou máis, dos alumnos transportados tivese unha idade inferior a dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso escolar.

b) A aquelas expedicións de transportes públicos regulares de viaxeiros de uso xeral por estrada en que a metade, ou máis, das prazas do vehículo fosen previamente reservadas para viaxeiros menores de dezaseis anos.

c) Ós transportes públicos discrecionais de viaxeiros en autobús, cando tres cuartas partes, ou máis, dos viaxeiros sexan menores de dezaseis anos.

d) Ós transportes privados complementarios de viaxeiros por estrada, cando a terceira parte, ou máis, dos viaxeiros sexan menores de dezaseis anos.

Artigo 2. *Autorizacións de transporte.*

Os transportes indicados no artigo anterior só poderán ser realizados por aquelas empresas que contén coa correspondente concesión ou autorización administrativa que, conforme o disposto nas normas de ordenación dos transportes terrestres, habilite para levar a cabo o transporte regular ou discrecional de que en cada caso se trate.

Para o outorgamento da preceptiva autorización de transporte regular de uso especial para a realización dos transportes incluídos no parágrafo a) do devandito artigo, esixirase, en todo caso, que o transportista solicitante acredite o cumprimento dos requisitos esixidos nos artigos 3, 4, 6 e 12, xunto ós demais que resulten esixibles por razóns de ordenación do transporte, con especial atención a todos aqueles destinados a garantir un maior nivel de seguridade no transporte.

Artigo 3. *Antigüidade dos vehículos.*

1. Como regra xeral, só poderán prestarse os servizos comprendidos na alínea a) do artigo 1, e adscribirse, de se-lo caso, ás autorizacións de transporte regular de uso especial, aqueles vehículos que non superen, ó inicio do curso escolar, a antigüidade de dez anos, contados desde a súa primeira matriculación.

Non obstante, admitirase a adscripción de vehículos de antigüidade superior, sempre que se cumpran conxuntamente os seguintes requisitos:

1.º Que o vehículo non supere a antigüidade de dezaseis anos, contados desde a súa primeira matriculación, ó inicio do curso escolar.

2.º Que o solicitante acredite que o vehículo se viña dedicando con anterioridade á realización desta mesma clase de transporte, ou ben presente o certificado de despezamento doutro vehículo que no actual curso escolar ou no anterior estivese adscrito a unha autorización de transporte regular de uso especial de escolares.

2. Os transportes obxecto deste real decreto non poderán ser realizados por vehículos dunha antigüidade ó comezo do curso escolar, contada desde a súa primeira matriculación ou posta en servicio, superior a dezaseis anos.

3. Para os efectos do cómputo de antigüidade considerárase o día 1 de setembro como data de inicio do curso escolar.

Artigo 4. *Características técnicas dos vehículos.*

1. Os vehículos que se utilicen para os transportes obxecto deste real decreto deberán estar homologados como correspondentes á categoría M, de acordo co disposto no Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se dictan normas sobre homologación de tipo de vehículos automóbiles, ou de acordo co disposto na Directiva 70/156/CEE, do 6 de febreiro, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre homologación de vehículos de motor e os seus remolques.

2. Os vehículos que se utilicen na prestación dos servicios incluídos no artigo 1 cumpriran, ademais doutras que, de se-lo caso, puidesen vir establecidas con carácter xeral na lexislación vixente, as seguintes prescricións técnicas de acordo coas especificacións que puidesen realizarse regulamentariamente:

1.^a O asento do conductor estará protexido por unha pantalla transparente, de acordo cos mínimos de protección establecidos na norma UNE 26-362-2:1984. En caso de non existir suficiente altura, o tamaño da devandita pantalla pode reducirse en consecuencia.

2.^a As portas de servicio serán do tipo operado polo conductor, debendo cumprilas prescricións técnicas do Regulamento CEPE/ONU que resulte de aplicación (36R03, 52R01 ou 107).

Os dispositivos de accionamento de apertura de emerxencia estarán debidamente protexidos para evitar unha utilización non adecuada por parte dos menores. Os devanditos dispositivos non poderán ser anulados, agás na forma prevista no Regulamento CEPE/ONU que resulte de aplicación (36R03, 52R01 ou 107).

3.^a A abertura practicable das ventás será, como máximo, do seu tercio superior.

4.^a Os asentos enfrontados a pozos de escaleira, así como os que non estean protexidos polo respaldo doutro anterior situado a unha distancia máxima horizontal de 80 centímetros entre a cara dianteira do respaldo dun asento e a cara posterior do asento que o precede, deberán contar cun elemento fixo de protección que lles proporcione ós seus ocupantes un nivel suficiente de seguridade e deberán cumprilas especificacións técnicas que se establecen no Regulamento CEPE/ONU que resulte de aplicación (36R03, 52R01 ou 107).

Os asentos enfrontados a corredores, cando teñan que ser ocupados por menores de dezaseis anos, deberán dispoñer de cintos de seguridade debidamente homologados así como as súas ancoraxes; os devanditos asentos só poderán ser ocupados por nenos de entre cinco e once anos cando se dean as circunstancias sinaladas no parágrafo seguinte.

Nos casos en que os cintos de seguridade teñan que ser utilizados por nenos de entre cinco e once anos, deberán ser de tres puntos e deberase dispoñer de coxíns

elevadores de distintas alturas, en función da súa idade e estatura, que permitan axustalo cinto ás súas medidas. De non se cumpriren estas condicións, os cintos non poderán ser utilizados por nenos das idades indicadas.

5.^a Os vehículos dun só piso con máis de 22 prazas e pertencentes ás clases II e III, segundo o Regulamento CEPE/ONU número 36, estarán homologados de conformidade co que se establece no Regulamento CEPE/ONU número 66 sobre resistencia da superestructura de vehículos de gran capacidade.

6.^a Estarán dotados de dispositivo luminoso con sinal de emerxencia, que cumpra coas condicións técnicas establecidas no artigo 15 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, que deberá poñerse en funcionamento nos puntos de parada, tanto de día coma de noite, mentres os viaxeiros entren ou saian do vehículo.

7.^a Estarán dotados de martelos rompecristais ou outros dispositivos determinados regulamentariamente, debidamente protexidos, para a súa utilización unicamente en casos de emerxencia.

8.^a Non poderán utilizarse autobuses de dous pisos, entendendo como tales aqueles nos que os espazos destinados a viaxeiros están dispostos, polo menos nunha parte, en dous niveis superpostos, agás cando fosen homologados segundo o Regulamento CEPE/ONU 107.

9.^a De se-lo caso, deberán reservarse as prazas que sexan necesarias para persoas con mobilidade reducida, próximas ás portas de servicio.

10. O piso do vehículo non poderá ser esvaradío. Xunto ás portas de servicio haberá barras e agarradoiras doadamente accesibles desde o exterior para facilitarlas operacións de acceso e abandono.

Os que transporten alumnos con graves afectacións motóricas con destino a un centro de educación especial deberán contar con axudas técnicas que faciliten o seu acceso e abandono.

11. Os bordos dos chanzos serán de cores vivas.

12. Cada menor disporá da súa propia praza ou asento, o cal deberá te-las dimensións mínimas determinadas no Regulamento CEPE/ONU que resulte de aplicación (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que en cada momento estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

13. Estarán provistos de tacógrafo en todos aqueles supostos en que así resulte esixible, de conformidade co que se dispón no Real decreto 2242/1996, do 18 de outubro, en aplicación dos Regulamentos (CEE) números 3820/85 e 3821/85.

14. Deberán estar dotados de limitador de velocidade, nos supostos e conforme as condicións e prazos establecidos no Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro.

15. Deberán estar dotados de dispositivos de freado e antibloqueo (ABS), nos supostos e termos establecidos no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se dictan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas a tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos devanditos vehículos.

16. O mecanismo de dirección e control da traxectoria deberá cumprilas prescricións establecidas no Real decreto 2028/1986, nos termos e casos alí previstos.

17. As dimensións, características da superficie reflectante, número, localización e regulación dos retrovisores deberán axustarse ó disposto no Real decreto 2028/1986, nos supostos alí previstos.

18. Se a visibilidade directa non é suficiente, deben instalarse dispositivos ópticos que lle permitan ó conductor detectar desde o seu asento a presenza dun viaxeiro nos arredores inmediatos, tanto exteriores como interiores das portas de servicio, de acordo co que se

establece no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

19. Os vidros deben cumprir-las prescricións da Directiva 92/22/CE no que se refire ó modo de fragmentación, resistencia ó impacto da cabeza e resistencia á abrasión, nos termos e supostos establecidos no Real decreto 2028/1986.

20. As ventás de emerxencia que non sexan de bisagras serán de vidro de doada rotura de acordo co que se determina no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

21. No compartimento do motor cumpriranse as condicións establecidas no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación, no referente ó emprego de materiais impermeables ou susceptibles de impregnarse de combustible, evitar acumulacións e a utilización de illantes térmicos.

22. Os depósitos de carburante estarán separados máis de 60 centímetros da parte dianteira e deberán someterse á proba de presión descrita no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

23. Os sistemas de alimentación deberán estar dotados da suficiente protección e as posibles fugas deberán ser conducidas cara á calzada, segundo o disposto no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107) que sexa de aplicación, de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

24. Disporase dun mando central de seguridade colocado preto do conductor, co obxecto de restrinxilo risco de incendio despois da parada, de acordo co disposto no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107) que sexa de aplicación, de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

25. Os aparellos e circuítos deberán cumprir-las normas establecidas nos Regulamentos CEPE/ONU (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

26. As baterías disporán dunha ancoraxe sólida, estarán colocadas nun lugar doadamente accesible e separadas do compartimento de viaxeiros, segundo o disposto no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107) que sexa de aplicación, de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos para a súa aplicación.

27. Estarán provistos de extintores que cumpran as prescricións establecidas na Orde do 27 de xullo de 1999, así como dunha caixa de primeiros auxilios.

28. Os materiais empregados no interior do habitáculo de pasaxeiros deberán cumprir-la Directiva 95/28/CE sobre prevención do risco de incendio nos casos e condicións establecidos no Real decreto 2028/1986.

29. Tódalas portas de emerxencia deberán abrirse doadamente desde o interior e desde o exterior, non poderán ser accionadas por dispositivos de reserva de enerxía e disporán dun dispositivo que avise o conductor cando non estean completamente pechadas, de acordo co disposto no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

30. As trapelas de evacuación cumpriran as prescricións establecidas no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107), de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, se atopen establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

31. Nas saídas de emerxencia deberá figura-la inscrición "SAÍDA DE EMERXENCIA" ou "SAÍDA DE SOCORRO" de xeito visible desde o interior e desde o exterior, de acordo co disposto no Regulamento CEPE/ONU (36, 52 ou 107) que resulte de aplicación, de conformidade coas regras e prazos que, en cada momento, estean establecidos nas normas dictadas para a súa aplicación.

3. Como excepción ó disposto na alínea anterior, para os vehículos de categoría M1, unicamente será exixible o requisito a que se refire o punto 2.6.^a deste. Neste tipo de vehículos deberán cumprirse ademais as seguintes normas:

1.^a Queda prohibida a utilización da praza ou prazas contiguas á do conductor por parte de menores de doce anos.

2.^a Deberán levar un equipo homologado de extinción de incendios.

3.^a Os nenos comprendidos entre cinco e once anos deberán utilizar cintos de seguridade de tres puntos e deberase dispoñer de coxíns elevadores de distintas alturas, en función da súa idade e estatura, que permitan axusta-lo cinto ás súas medidas. De non se cumpriren estas condicións, os cintos non poderán ser utilizados por nenos das idades indicadas.

4.^a Unicamente se poderá transportar unha persoa por praza.

4. Os autobuses que se matriculen a partir do 1 de xaneiro de 2002 unicamente poderán presta-los servicios a que se refire o artigo 1 cando, ademais dos referidos anteriormente, cumpran os seguintes requisitos:

1.^o Os vehículos con peso máximo autorizado igual ou superior ás 12 toneladas deberán incorpora-la función de estabilización da velocidade en pendentes prolongadas, sen necesidade de utilizar nin o freo de servico, nin o freo de emerxencia, nin o freo de man.

A eficacia da devandita función deberá ser tal que responda ás disposicións do anexo 5 (ensaio do tipo IIA) do Regulamento CEPE/ONU 13 ou disposicións correspondentes da Directiva 71/320/CEE e as súas modificacións, e será obxecto de certificación por un laboratorio oficial.

2.^o As saídas de emerxencia deberán estar sinaladas no interior, con algún dispositivo fluorescente.

3.^o Os asentos montados nos vehículos de categoría M2 e M3 deberán estar homologados segundo a Directiva 96/37/CEE relativa ós asentos, ás súas ancoraxes e ós repousacabezas dos vehículos de motor.

Ademais, os respaldos dos asentos, ou calquera outro elemento ou biombo situado diante dos viaxeiros, deberán poder superar un ensaio de absorción de enerxía específico en tódalas posibles zonas de impacto da cabeza do menor. O ensaio realizarase segundo o establecido no anexo III da Directiva 78/632/CE sobre acondicionamento interior dos vehículos de motor, e esixirase o cumprimento dos requisitos alí definidos, pero reducirase a 5,2 quilogramos o peso da falsa cabeza utilizada no ensaio, para facela máis similar ás características fisiolóxicas dun menor.

O cumprimento do establecido no parágrafo anterior será obxecto de certificación por un laboratorio oficial.

4.^o Os vehículos de máis de 23 prazas deberán instalar dous extintores de eficacia 21A/113B, colocados nas proximidades do conductor e no espazo existente entre o oco de escaleira traseira e o asento anterior a este.

5.º Disporanse espellos ou calquera outro medio que permita ve-la parte frontal exterior situada por debaixo do nivel do conductor, os laterais do vehículo e a proxección destes sobre o chan en toda a súa lonxitude, en especial preto dos pasos das rodas e a parte traseira do vehículo.

Os dispositivos e a súa situación deberán cumprir as especificacións que regulamentariamente se establezan.

6.º Instalarase un dispositivo acústico de sinalización de marcha atrás que funcionará de xeito sincronizado coas luces de marcha atrás do vehículo. O devandito dispositivo deberá cumprir as especificacións que regulamentariamente se establezan.

Artigo 5. *Distintivo indicativo de transporte de menores.*

1. Durante a realización dos servizos a que se refire o artigo 1, os vehículos deberán estar identificados mediante o sinal V-10 que figura no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos.

O sinal deberá colocarse dentro do vehículo, na parte frontal e na súa parte posterior, de forma que resulte visible desde o exterior.

2. O distintivo a que se refire a alínea anterior poderá ser substituído polo que se inclúe no anexo deste real decreto, no que o pictograma estará provisto dun dispositivo luminoso que deberá cumprir as especificacións que regulamentariamente se determinen.

As dimensións, cor e características deste sinal serán as establecidas no Regulamento xeral de vehículos para o distintivo a que se refire a alínea anterior.

A silueta da figura non deberá estar iluminada máis que durante as paradas que o vehículo realice para que os menores o aborden ou o abandonen, tolerándose, non obstante, que o dispositivo permaneza iluminado durante un máximo de vinte segundos despois da posta en marcha do vehículo.

Artigo 6. *Inspección técnica dos vehículos.*

Para a realización dos servizos previstos no artigo 1, será requisito necesario que os correspondentes vehículos superen favorablemente unha inspección técnica nunha estación ITV, segundo o previsto na disposición adicional primeira do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, que versará sobre o cumprimento dos requisitos técnicos esixibles. O órgano que realice a devandita inspección efectuará, cando proceda, a oportuna anotación na tarxeta ITV do vehículo.

Unicamente se outorgará a autorización, a que fai referencia o segundo parágrafo do artigo 2, necesaria para a realización dos transportes de escolares incluídos na alínea a) do artigo 1, se os vehículos cos que deban prestarse superaron favorablemente a citada inspección.

En tódalas inspeccións técnicas obrigatorias que se realicen ós vehículos a que se refire o parágrafo primeiro deste artigo se revisará, ademais do cumprimento das prescricións esixidas na lexislación xeral, o das específicas establecidas no artigo 4.

Artigo 7. *Condutores.*

Os conductores dos vehículos con que se realicen as distintas clases de transporte indicadas no artigo 1 deberán cumprir as condicións establecidas no artigo 32 do Regulamento xeral de conductores, aprobado por Real decreto 772/1997, do 30 de maio.

Artigo 8. *Acompañante.*

1. Será obrigatoria a presenza a bordo do vehículo durante a realización do transporte de, polo menos, unha

persoa maior de idade idónea, distinta do conductor, acreditada pola entidade organizadora do servizo, salvo que expresamente estea pactado que a acredite o transportista, que coñeza o funcionamento dos mecanismos de seguridade do vehículo, encargada do coidado dos menores durante o seu transporte e as operacións de acceso e abandono do vehículo, así como, de se-lo caso, da recollida e acompañamento dos alumnos desde e ata o interior do recinto escolar, nos seguintes supostos:

a) Nos transportes incluídos na alínea a) do artigo 1, cando así se especifique na correspondente autorización de transporte regular de uso especial e, en todo caso, sempre que se transporten alumnos de centros de educación especial, debendo, neste suposto, conta-lo acompañante coa cualificación laboral necesaria para a axeitada atención a este alumnado de necesidades educativas especiais.

b) Nos transportes incluídos na alínea c) do artigo 1, sempre.

c) Nos transportes incluídos na alínea d) do artigo 1, cando se transporten alumnos de centros de educación especial ou se trate de transportes en que a orixe ou o destino sexan distintos do domicilio dos menores ou do centro docente en que cursan estudos.

d) En calquera dos transportes incluídos no artigo 1 realizados en autobús, cando, polo menos, o 50 por 100 dos viaxeiros sexan menores de doce anos.

O acompañante deberá ocupar praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira.

2. Nos casos en que, conforme o previsto no punto anterior, resulte obrigatoria a presenza dun acompañante, non poderá realizarse o transporte sen que este se atope a bordo do vehículo, salvo que a non realización do transporte implicase un risco maior para os menores. Non obstante, a reiteración desta circunstancia poderá ser considerada como incumprimento do contrato. O transportista será responsable do cumprimento desta obriga con independencia de a quen corresponda achegalo acompañante, conforme o que estea especificado no correspondente contrato.

3. A acreditación do acompañante a que fai referencia o punto 1 non supón necesariamente relación laboral coa entidade organizadora do servizo.

Artigo 9. *Limitación de velocidade.*

A velocidade máxima á que poderán circular os vehículos que realicen os transportes incluídos no artigo 1 será a establecida para o efecto no artigo 48.1.2 do Regulamento xeral de circulación, aprobado por Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro.

Artigo 10. *Itinerario e paradas.*

1. O itinerario e as paradas dos transportes incluídos na alínea a) do artigo 1 estarán determinados na correspondente autorización de transporte regular de uso especial.

A situación destas paradas será comunicada, previamente, polo órgano que deba outorgala autorización ó competente sobre a regulación do tráfico, o cal poderá propoñer as rectificacións que estime oportunas. Transcorridos tres días desde a citada comunicación sen que o devandito órgano propuxese ningunha modificación, poderá outorgarse a autorización conforme o itinerario e paradas inicialmente previstos. Non obstante, se con posterioridade se recibise algunha observación ó respecto do órgano competente en materia de tráfico, procederase á modificación da autorización que, en atención a aquela, resulte pertinente.

Cando non resulte posible que a parada correspondente ó centro escolar estea situada dentro do recinto

deste, fixarase de modo que as condicións de acceso desde a devandita parada ó centro resulten o máis seguras posible, situándose sempre á dereita no sentido da marcha.

Cando non resulte posible que a parada estea situada no mesmo lado da vía en que se atope o centro escolar, arbitraranse as sinalizacións e medidas pertinentes, mesmo a presenza dun axente da circulación, de se-lo caso, para posibilitar que os alumnos crucen coas máximas condicións de seguridade.

2. O itinerario e as paradas dos transportes incluídos na alínea b) serán os que o transporte regular de uso xeral de que se trate teña fixados na concesión ou autorización en que se ampara; aínda que o órgano outorgante desta poderá, por petición da empresa transportista ou da entidade que reserva as prazas destinadas a menores, autorizar aquelas modificacións nas paradas das expedicións en que se transporte estes menores que resulten precisas para garantir análogas condicións de seguridade ás indicadas no punto anterior, sempre que con iso non se desvirtúen as prohibicións de tráfico que, de se-lo caso, estarán establecidas na referida concesión ou autorización.

3. A empresa transportista, no caso dos transportes incluídos na alínea c) do artigo 1, e a entidade que realice o transporte complementario, no dos incluídos na alínea d) do mesmo artigo, procurarán que as paradas que deban efectuarse se realicen nas condicións máis seguras posibles, e que, en todo caso, aquelas que teñan lugar nun centro escolar, cultural, deportivo ou de espaxamento reúnan as características establecidas no punto 1 deste artigo.

4. O acceso e abandono dos menores ós vehículos que realicen calquera dos transportes incluídos no artigo 1 deberá realizarse pola porta máis próxima ó conductor ou, de se-lo caso, ó acompañante.

En todo caso, o dito acceso e abandono deberá realizarse baixo a vixilancia dunha persoa maior de idade que deberá asegurarse de que aquel se efectúa de xeito ordenado, nos dous supostos seguintes:

a) Cando o acceso ou abandono se produza nas inmediacións dun centro escolar.

b) Cando, tratándose dun transporte dos definidos na alínea a) do artigo 1, a autorización de transporte regular de uso especial estableza expresamente esta obriga en relación coa parada de que se trate.

Artigo 11. *Duración máxima da viaxe.*

Os itinerarios e horarios daqueles transportes incluídos no artigo 1 que teñan por obxecto o traslado dos menores entre o seu domicilio e o centro escolar en que cursan estudos, deberán establecerse de tal forma que en circunstancias normais resulte posible que o tempo máximo que aqueles permanezan no vehículo non alcance unha hora por cada sentido da viaxe, prevíndose unicamente que se alcance esta duración máxima en casos excepcionais debidamente xustificadas.

En todo caso, na realización de calquera dos transportes incluídos no artigo 1 deberán respectarse as normas relativas ós tempos de conducción e descanso dos conductores, establecidas no Real decreto 2242/1996, do 18 de outubro, en aplicación dos Regulamentos (CEE) números 3820/85 e 3821/85.

Artigo 12. *Seguros.*

Sen prexuízo do cumprimento da lexislación vixente en materia de seguros obrigatorios, as empresas que realicen calquera dos transportes incluídos no artigo 1 deberán ter cuberta de forma ilimitada a súa responsabilidade civil polos danos que poidan sufrí-los ocupantes dos vehículos en que aqueles se realicen.

Artigo 13. *Obrigas da entidade organizadora do transporte.*

As entidades que contraten a realización dalgún dos transportes incluídos nas alíneas a), b) e c) do artigo 1, ademais de acreditaren, de se-lo caso, o acompañante e configuraren as rutas de maneira que non excedan do tempo máximo permitido, deberanlle esixir ó transportista que acredite os seguintes extremos:

1. Ser titular da correspondente autorización de transporte discrecional de viaxeiros, no caso dos transportes incluídos nas alíneas a) e c), ou da concesión ou autorización de transporte regular de uso xeral de que se trate, no dos incluídos na alínea b).

2. Estar en posesión da correspondente tarxeta ITV en vigor, acreditativa de que os vehículos en que ha de realizarse o transporte cumpren o disposto neste real decreto en materia de inspección técnica.

3. Subscribi-los contratos de seguro a que se refire o artigo 12.

Artigo 14. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do disposto no artigo 4 deste real decreto (agás nos puntos 2.9.^a, 2.12, no referido ó feito de que cada menor disporá da súa propia praza ou asento, 2.13, 2.14 e 3.4.^a) sobre características técnicas dos vehículos, considerarase infracción ó artigo 12.9 de Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro; no artigo 5, sobre distintivo indicativo de transporte de menores, ós artigos 173 do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, e 18, en relación co anexo XI, do Regulamento xeral de vehículos; no artigo 6, sobre inspección técnica dos vehículos, ós artigos 14 do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, e 18, en relación co anexo XI, do Regulamento xeral de vehículos; no artigo 7, sobre conductores, ó artigo 32 do Regulamento xeral de conductores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio; e no 9, sobre limitación de velocidade, ó artigo 48.1.2 do Regulamento xeral de circulación. O procedemento adecuarase ó disposto no Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

O incumprimento dos restantes preceptos deste real decreto será sancionado de acordo co disposto na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e as súas normas de desenvolvemento, así como nas demais normas que, de se-lo caso, resulten de aplicación.

Disposición adicional primeira. *Ámbito de aplicación das condicións de seguridade.*

As condicións de seguridade establecidas neste real decreto en relación cos transportes incluídos no artigo 1, a definición dos cales corresponde ás distintas categorías de transporte de viaxeiros establecidas na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, serán así mesmo de aplicación a todas aquelas clases de transporte que, de se-lo caso, se consideren nas normas dictadas polas comunidades autónomas en uso das súas competencias que, aínda identificándose naquelas con distinta nomenclatura, inclúan transportes dunhas características que coincidan coas dos considerados na referida lei e o presente real decreto.

Disposición adicional segunda. *Modificación das normas reguladoras das características técnicas dos vehículos.*

As características técnicas dos vehículos establecidas neste real decreto entenderanse modificadas cando sexa obxecto de revisión a normativa técnica de carácter xeral que os afecte.

Disposición adicional terceira. *Colaboración formativa do Ministerio do Interior.*

O Ministerio do Interior colaborará cos órganos educativos competentes, sempre que estes o demanden, na impartición de cursos sobre seguridade vial nos centros escolares.

Disposición adicional cuarta. *Excepcións de aplicación da normativa.*

Nas comunidades autónomas das Illes Balears e de Canarias, e nas cidades de Ceuta e Melilla, non será de aplicación o disposto no artigo 3, podendo prestarse os servizos comprendidos na alínea a) do artigo 1 con vehículos que cumpran unha das dúas condicións seguintes:

1. Ter unha antigüidade inferior a dez anos ó inicio do curso escolar, computados desde a súa primeira matriculación.

2. Ter unha antigüidade superior a dez anos e inferior ós dezaioito anos ó inicio do curso escolar, computados desde a súa primeira matriculación, sempre que o vehículo estivera dedicado ó transporte escolar na mesma empresa desde antes dos dez anos e pasara de forma satisfactoria unha inspección técnica nos termos previstos no artigo 6.

En ámbolos dous casos considerarase o 1 de setembro como data de inicio do curso escolar.

Disposición adicional quinta. *Normativa aplicable ós vehículos procedentes da Unión Europea ou do espazo económico europeo.*

En relación cos requisitos técnicos esixibles ós vehículos procedentes da Unión Europea ou do espazo económico europeo serán de aplicación as normas establecidas no Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se dictan normas sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como as partes e pezas dos devanditos vehículos, modificado polo Real decreto 1204/1999, do 9 de xullo.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación temporal da normativa anterior.*

Os vehículos que á entrada en vigor deste real decreto estean dedicados á realización dalgún dos servizos incluídos no artigo 1, poderanos seguir prestando mesmo cando non cumpran as esixencias contidas no artigo 4 ata o día 1 de setembro de 2002, sempre que cumpran as esixencias que, para a prestación do servizo de que se trate, se establecían no Real decreto 2296/1983,

do 25 de agosto, sobre tráfico e circulación de vehículos escolares e de menores.

A partir da referida data, os ditos vehículos só se poderán continuar dedicando á realización de tales servizos se cumpren as esixencias establecidas no artigo 4, con excepción das establecidas nos puntos 2.5.^a e 2.8.^a

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio en materia de antigüidade dos vehículos de transporte.*

Os vehículos que, á entrada en vigor deste real decreto, se dediquen á realización dalgunha das clases de transporte incluídas no artigo 1 e teñan unha antigüidade, desde a súa primeira matriculación, superior a trece anos, poderán continuar sendo utilizados para a prestación de tales transportes ata a finalización do curso 2003-2004, salvo que cumprisen os dezaioito anos de antigüidade nun curso anterior, e neste caso non se poderán seguir utilizando desde a súa finalización.

Sen prexuízo diso, as entidades organizadoras do servizo valorarán, na adxudicación dos contratos de transporte escolar que vaian formalizar, a prestación do servizo con vehículos de menor antigüidade.

Disposición transitoria terceira. *Competencia de aplicación progresiva.*

Non obstante o disposto na alínea d) do punto 1 do artigo 8, a aplicación progresiva desta norma, en cada curso escolar, realizaraa cada Administración pública de acordo coas competencias que sobre a planificación educativa lle corresponden nos seus respectivos ámbitos territoriais de xestión. En todo caso, garantirase a súa total implantación no curso académico 2007-2008.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 2296/1983, do 25 de agosto, sobre tráfico e circulación de vehículos escolares e de menores, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Fomento, do Interior, de Educación, Cultura e Deporte, e de Ciencia e Tecnoloxía para dictar, dentro do ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Sen prexuízo do anterior, a ministra de Ciencia e Tecnoloxía establecerá as especificacións técnicas a que fan referencia os puntos 4.5.^o e 4.6.^o do artigo 4 deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de setembro de 2001.


Dado en Madrid o 27 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

ANEXO

DISTINTIVO DE TRANSPORTE ESCOLAR



**TRANSPORTE
ESCOLAR**